



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO , AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA - CURSO 2018/2019

A Orde do 9 de maio de 2018 (DOG 21 de maio) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regula a participación no fondo solidario de libros de texto e convoca axudas para adquisición de libros de texto e material escolar para o vindeiro curso.

ALUMNADO DE 1º E 2º de EP: axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

O importe das axudas para libros de texto, segundo os ingresos percibidos pola unidade familiar no exercicio fiscal do 2016 (suma das casañas 392 e 405 das declaracións da renda) divididos polos membros computables da familia (se algún dos membros ten minusvalía igual ou superior ao 33% ou percibe unha pensión, computa dobre), é a seguinte:

- a) Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.
- b) Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros.

ALUMNADO DE 3º, 4º, 5º E 6º: fondo solidario de libros de texto e axuda para material escolar.

Forman parte do fondo solidario todos os libros de texto reutilizables adquiridos coas axudas dos cursos anteriores. A aplicación informática *fondolibros* permitirá a distribución dos libros existentes no colexio entre o alumnado en función da renda per cápita comprobada das solicitudes validadas polo centro.

Os requisitos para acollerse á convocatoria de fondo solidario son:

- Estar matriculado en 3º, 4º, 5º ou 6º de educación primaria para o vindeiro curso.
- Ter devoltos en bo estado, antes dos 22 de xuño de 2018, os libros de texto adquiridos coas axudas do presente curso ou os libros do fondo solidario en préstamo.

ALUMNADO DE 1º A 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA: axudas material escolar

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en Educación Primaria con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZOS

A solicitud, única para todos os fillos/as matriculados no mesmo centro docente para o curso 2018/19, segundo o anexo I da orde, presentarse ben por vía electrónica na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou ben presencialmente na secretaría do centro. Os impresos facilitaranse no colexio ou pódense descargar en formato PDF nos enderezos anteriores e tamén na páxina web do colexio.

As solicitudes (Anexo I) acompañaranse da seguinte **documentación**:

- **Anexo II (comprobación de dato dos membros computables da unidade familiar)**
- **Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros da unidade familiar.** No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, a día 31 de decembro de 2016, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar, tales como:
 - a) Certificado ou volante de convivencia.
 - b) Informe dos servizos sociais do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - c) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- **Certificado do grao de discapacidade** do/a alumno/a, do solicitante ou dalgún calquera membro da familia reconecido por un órgano non pertencente á Xunta de Galicia.
- No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

Podedes acceder a toda a información na páxina web do centro.

PRAZOS:

- **Prazo para entregar as solicitudes abrangue do 22 de maio ao 22 xuño de 2018.**

Ao finalizar o proceso, o centro facilitará uns vales para que a librería que desexen lles desconte o importe da axuda na compra dos libros (alumnado de 1º e 2º cursos) ou do material escolar. **Avisarase para a recollida dos mencionados vales no momento de entrega de notas.**
- **Resolución provisional do fondo de libros para o alumnado de 3º a 6º de primaria: 6 de xullo.**
- **Resolución definitiva e entrega de libros para o alumnado de 3º a 6º de primaria: 12 de xullo.**

Brexo-Lema, 22 de maio de 2018.

A DIRECCIÓN



HORARIO DE SECRETARÍA: de 13.35 a 14.30 horas de luns a venres